



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTA COMBA

Aprobación definitiva Ordenanza fiscal reguladora do prezo público do servizo municipal de estimulación terapéutica e prevención do deterioro cognitivo Rexenera-T

O Pleno da Corporación municipal, en sesión ordinaria celebrada o 27 de marzo de 2026, acordou a aprobación inicial da Ordenanza fiscal reguladora do prezo público do servizo municipal de estimulación terapéutica e prevención do deterioro cognitivo Rexenera-T.

Transcorrido o prazo de exposición ao público do acordo inicial, e ao non haberse presentado reclamacións algunha, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario inicial deste Concello sobre o establecemento da *Ordenanza fiscal reguladora do prezo público do servizo municipal de estimulación terapéutica e prevención do deterioro cognitivo Rexenera-T*, en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

TEXTO ORDENANZA

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ESTIMULACIÓN TERAPÉUTICA E PREVENCIÓN DO DETERIORO COGNITIVO "REXENERA-T"

Artigo 1. Obxecto

1.1 *A presente ordenanza ten por obxecto establecer e regular o réxime xurídico e económico do prezo público correspondente á prestación do Servizo Municipal de Estimulación Terapéutica e Prevención do Deterioro Cognitivo "Rexenera-T" para persoas maiores do Concello de Santa Comba, de acordo co establecido nos artigos 41 a 49 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*

Artigo 2. Feito imponible

2.1 *Constitúe o feito imponible deste prezo público a prestación do servizo consistente na realización de sesións terapéuticas destinadas á promoción da autonomía e ao mantemento das capacidades funcionais das persoas maiores.*

Artigo 3. Obrigados ao pagamento

3.1 *Están obrigadas ao pagamento do prezo público as persoas usuarias admitidas no servizo, ou no seu caso, quen as represente legalmente.*

Artigo 4. Nacemento da obriga

4.1 *A obriga de pagamento nace dende o momento no que se inicie a prestación do servizo, e devengarase por meses completos, independentemente do número de sesións asistidas.*

Artigo 5. Contía

5.1 *A asistencia poderá organizarse en tres modalidades:*

- a) *Cinco días á semana (de luns a venres).*
- b) *Tres días á semana (luns, mércores e venres).*
- c) *Dous días á semana (martes e xoves).*

5.2 *A contía do prezo público establecerase da seguinte maneira:*

Nº de días á semana Importe mensual

5 días	100 €
3 días	60 €
2 días	40 €

Artigo 6. Bonificacións

6.1 *Poderán aplicarse as seguintes bonificacións, logo de informe técnico dos servizos sociais municipais: 1. Bonificación de ata o 100% da cota cando se acredite situación de especial dificultade económica. 2. Bonificación por concorrencia de*

membros da mesma unidade de convivencia Cando dous membros ou máis da mesma unidade familiar sexan usuarios do servizo, aplicarase unha bonificación do 25% para cada un.

6.2 As bonificacións terán carácter temporal e serán revisadas anualmente e estas non serán acumulables.

Artigo 7. Normas de Xestión

7.1 A xestión, liquidación e recadación do prezo público corresponderá ao Concello.

7.2 O cobro das tarifas do prezo público recollidas nesta ordenanza farase mediante domiciliación bancaria.

7.3 O impago de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas poderá supor a baixa da persoa usuaria no servizo.

7.4 O desestimeno ou falta de asistencia dos usuarios ao servizo non suporá redución nin exención da obriga de pagamento, non procedendo a devolución das contías ingresadas salvo que por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo, o servizo ou a actividade non se preste ou desenrole.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor cando unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da corporación e publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, teña transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local."

Santa Comba, 25 de maio de 2026.

O alcalde

Alberto Romar Landeira.

2026/3414